XUNTA
DE GALICIA

REHABILITACIÓN DE VARIAS OBRAS DE DRENAXE TRANSVERSAL NAS ESTRADAS AG-64 E AC-862

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a rehabilitación de varias obras de drenaxe transversal (ODTs) que se atopan en mal estado, nas estradas autonómicas AG-64 e AC-862, nos concellos de Neda, Narón e San Sadurniño (provincia da Coruña).

2. Plan de Estradas

A autovía AG-64, *Ferrol (AC-116) - Vilalba (A-8),* pertence a rede Estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG).

A estrada convencional AC-862, *Ferrol (Lím. Concello) - Lím. Prov. - San Cibrao*, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 1+580-15+060 e 48+660-57+110, pertence a rede Local da RAEG; e entre os PP.QQ. 15+060-48+660 e 57+110-69+510, pertence a rede Estruturante da RAEG.

3. Descrición da actuación

As ODTs a rehabilitar serán as seguintes:

- Na estrada AC-862: a ODT-004 no P.Q. 12+200 e a ODT-006 no P.Q. 15+640.
- Na autovía AG-64: a ODT-015 no P.Q. 7+262, a ODT-029 no P.Q. 11+850 e a ODT-030 no P.Q. 11+990.

Todas as ODT pertencen á zona de conservación A Coruña Norte.

Antes do inicio dos traballos de rehabilitación das ODTs, propóñense os seguintes traballos encamiñados a facilitar o acceso ás bocas de entrada dos tubos: sinalización e delimitación da zona de obras; limpeza e roza da zona; execución de camiños de acceso; execución de plataformas de traballo; instalación dos medios auxiliares necesarios; e limpeza interior de ODT.

4. Características técnicas

- Traballos previos:

Durante a execución dos camiños de acceso realizarase unha escavación de 30 cm de profundidade e estenderanse 25 cm de saburra artificial. No caso das plataformas de traballo, realizarase unha escavación de 30 cm de profundidade, encherase con 30 cm de solo seleccionado e, por riba, estenderase unha capa de saburra artificial de 25 cm.

Ademais, realizarase unha limpeza interior das obras de drenaxe existentes, empregando chorro de auga a presión para eliminar calquera obstáculo que puidese retardar ou frear a colocación dos tubos de poliéster reforzado con fibra de vidro (PRFV).

- Rehabilitación de ODTs, fases construtivas:

- Execución de ataguías con sacos de area para conducir o caudal e evitar arrastres.
- Desvío provisional do caudal circulante polo interior da ODT mediante a colocación dun tubo de PVC de diferente diámetro.
- Introdución do tubo PRFV, de diámetro inferior ao existente, no interior das ODTs. O diámetro do tubo PRFV será de 1200 mm nas ODTs-004, 015, 029 e 030, mentres que será de 1800 mm para a ODT-006.
  En primeiro lugar, procédese a colocar os tubos guía sobre os que posteriormente se deslizarán os tubos de PRFV. Posteriormente, descenderanse os tramos de tubo de PRFV ata unha das bocas practicables da ODT e situaranse no seu interior. Unha vez colocado o novo tubo PRFV no interior da canalización existente, procederase a encher o trasdós da tubaxe con formigón fluído por tongadas para proporcionar un selado hermético. A misión desta inxección é garantir o contacto entre a obra de drenaxe existente e a nova obra, evitando a concentración local de empuxes no trasdós do novo tubo. A inxección non ten misión estrutural.

- Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística:

- Instalación de barreiras filtrantes de palla durante a execución dos traballos para evitar posibles vertidos aos ríos afectados.
- Sobre os camiños de acceso e as plataformas de traballo, executarase unha hidrosembra, deixando os lugares ocupados no seu estado orixinal.
- Replantaranse na zona de leito de ambos extremos das ODTs, Fresno común e Amieiros.
- Durante a execución dos traballos realizaranse análises da calidade das augas de forma periódica.

5. Poboación servida (INE 2025)

Neda	4.925 hab	Narón	39.953 hab	San Sadurniño	2.738 hab
TOTAL	**47.616 hab**				

6. Concellos Afectados

Concellos do Neda, Narón e San Sadurniño.

7. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto non implican a realización de expropiación algunha, pero si se realizarán ocupacións temporais de 4 parcelas no concello de Neda, 10 en Narón e 5 en San Sadurniño.

Orzamento Ocupación Temporal 766,79 €


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de VINTE (20) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	704.878,29 €
Orzamento Ocupación Temporal :	766,79 €
Orzamento para Coñecemento da Administración:	705.645,08 €


PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓNS TIPO




SECCIÓN TIPO PARA CAMINOS DE ACCESO 1 Y 2
ESCALA 1:10




SECCIÓN TIPO PARA PLATAFORMA DE TRABAJO
ESCALA 1:10

SECCIÓN ODT-004




SECCIÓN A–A
ESCALA 1:15

SECCIÓN ODT-006



SECCIÓN A–A
ESCALA 1:20

SECCIÓN ODTs-015, 029 E 030



SECCIÓN A–A
ESCALA 1:10